



MARTES, 18 DE XUÑO DE 2024 | BOP NÚMERO 117

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Relación de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, funcionario de carreira

Anuncio

Relación de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre.

Por resolución núm. 1075 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de 10 de xuño de 2024, resolveuse o seguinte que en extracto di:

"Elevar a definitiva a relación de aspirantes que superaron a fase de oposición do proceso selectivo para a cobertura en propiedade de catro prazas de policía local, administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de acceso libre do Concello de Culleredo:

1. Barreiro Iglesias, Iván (DNI núm. ** *02 65* *)
2. Franco García, Álvaro (DNI núm. ** *88 94* *)
3. Pereira Picón, Manuel Ernesto (DNI núm. ** *18 87* *)
4. Rabade Ledo, Ángel (DNI núm. ** *50 38* *)

Os aspirantes deberán acreditar que reúnen os requisitos e condicións esixidos na convocatoria do proceso selectivo no prazo de 20 días naturais a contar desde a publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, debendo ter en conta que se algúun candidato non achegara a documentación requirida quedará sen efecto as actuacións relativas ao aspirante que non houbase acreditado. A documentación que estivese en formato papel, deberá achegarse mediante copia auténtica ou ser dixitalizados nos termos establecidos no artigo 16 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 12 de xuño de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social,
Recursos Humanos e Réxime Interior
Marta María Figueroa Fuentes
PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023
(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/4222

